

**ANEXO I.- PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA DO CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA A "REPOSICIÓN DAS BUTACAS DA PLATEA DO AUDITORIO DO PAZO DA CULTURA" DO CONCELLO DE CARBALLO (SUM 35/2024).**

**CLÁUSULA PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.**

Segundo establece o **art. 99 LCPS**, o obxecto dos contratos do sector público deberá ser determinado, podendo definirse en atención ás necesidades ou funcionalidades concretas que se pretendan satisfacer. O obxecto do presente contrato é a prestación dos servizos de arranxo e retapizado das butacas do Pazo da Cultura. En particular, a prestación contractual comprende o retapizado das seguintes unidades, utilizando o modelo de tapicería "Muzas Especial":

- **Retapizado completo (asento e respaldo) de 209 butacas.**
- **Retapizado dos respaldos de 140 butacas.**
- **Retapizado dos asentos de 140 butacas, o cal inclúe tanto a tapicería como o taboleiro do asento.**
- **Revisión xeral.**
- **Desprazamento do material ata Carballo.**

Os traballos deberán levarse a cabo cumprindo os requisitos técnicos establecidos e utilizando materiais de alta calidade que garantan a durabilidade e o confort das butacas.

O contratista responsabilizarase de aportar medios humanos, técnicos e de transporte necesarios para a consecución do obxecto contractual.

CÓDIGO CPV	DESCRICIÓN
39111200-5	Butacas de teatro

**CLÁUSULA SEGUNDA. - ORZAMENTO DE LICITACIÓN.**

O prezo do contrato ascende á contía de **36.962,00 €**, sen IVE e **44.724,02 €**, IVE incluído.

- **Orzamento base de licitación e valor estimado do contrato:**

<b>PREZO ANUAL DO CONTRATO</b>	36.962,00 €
<b>IVA ANUAL (21%)</b>	7.762,02 €
<b>ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN</b>	<b>44.724,02 €</b>

Segundo o establecido no **art. 101 LCSP**, o valor estimado do contrato determinarase, no presente contrato de servizos, tomando o importe total do mesmo, sen incluír o valor engadido. Así:

**VALOR ESTIMADO DO CONTRATO**

**36.962,00 €**

**CLÁUSULA TERCEIRA. - PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN, SELECCIÓN DO CONTRATISTA E ADXUDICACIÓN.**

O procedemento para proceder á contratación do presente servizo será o negociado sen publicidade, ex art. 168.a).2º LCSP (negociación cun só provedor por razóns artísticas e de exclusividade).

En concreto, propónse a adxudicación segundo os arts. 131.2, 168.a)2º e 170 LCSP á mercantil **SC Obreros de Ezcaray**, polos motivos expostos na memoria xustificativa, ao ser titular de dereitos exclusivos acreditados no expediente e por unha cuestión de exclusividade técnica, dado que as butacas do Pazo da Cultura foron subministradas en 2002 e deseñadas especificamente por esta empresa para ese espazo. Deste xeito, esta empresa é a única capacitada para garantir que as butacas tapizadas manteñan a mesma forma e calidade que as existentes.

**CLÁUSULA CUARTA. - DURACIÓN DO CONTRATO. CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓNS TÉCNICAS DO SERVIZO.**

**A duración do contrato será de 40 días hábiles a partir da data de formalización do contrato.**

**CLÁUSULA QUINTA. - CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓNS TÉCNICAS DO SERVIZO.**

O servizo de arranxo e retapizado das butacas do Pazo da Cultura deberá cumprir coas seguintes características e condicións técnicas:

- a) O retapizado realizarase utilizando o modelo de tapicería "Muzas Especial" para asegurar a uniformidade estética e a durabilidade. A empresa subministrará o mesmo esqueleto orixinal das butacas instaladas en 2002, garantindo que as novas butacas manteñan as mesmas características técnicas e estéticas que as existentes. Incluirá o retapizado completo de 209 butacas, incluíndo tanto o asento como o respaldo; o retapizado dos respaldos de 140 butacas; e o retapizado dos asentos de 140 butacas, incluíndo tanto a tapicería como o taboleiro.
- b) Todos os materiais e procesos de traballo deberán cumprir cos estándares de calidade establecidos para asegurar a durabilidade e o confort das butacas. A empresa contratista deberá realizar un control de calidade exhaustivo durante todas as fases do proceso de produción e montaxe.
- c) A entrega e montaxe das butacas deberá realizarse dentro do prazo establecido de 8 semanas ou 40 días hábiles. O traballo deberá coordinarse para minimizar as interrupcións nas actividades do Pazo da Cultura.
- d) A empresa contratista deberá proporcionar unha garantía mínima de 2 anos para o traballo de retapizado e subministración do esqueleto das butacas. Cumprindo estas condicións, asegurase que as butacas do Pazo da Cultura manterán a calidade e uniformidade necesarias para o correcto uso das instalacións.
- e) A Concellería de Cultura, xunto co adxudicatario, por acordo e causa debidamente xustificada, poderán realizar modificacións na data, horario ou lugar de realización do arranxo.

## **CLÁUSULA SEXTA. - EXECUCIÓN DO CONTRATO. OBRIGAS DO CONTRATISTA E DO CONCELLO.**

### **A) OBRIGAS DO CONTRATISTA:**

- 1.- O contratista executará o contrato de acordo co disposto neste prego, no prego de prescricións técnicas, na normativa sectorial na materia e de acordo coas instrucións que se lle dean ao contratista, todo, sen prexuízo da interpretación que delas lle corresponda ao órgano de contratación. En particular, o contratista está obrigado a:
- 2.- O contratista comprométese a executar os traballos de arranxo e retapizado das butacas do Pazo da Cultura dentro do prazo de 40 días hábiles desde a formalización do contrato.
- 3.- A empresa deberá utilizar o modelo de tapicería "Muzas Especial" e subministrar o mesmo esqueleto orixinal das butacas instaladas en 2002, garantindo a uniformidade estética e a durabilidade das novas butacas.
- 4.- O contratista deberá realizar un control de calidade exhaustivo durante todas as fases do proceso de produción e montaxe, asegurando que todos os materiais e procesos cumpren cos estándares de calidade establecidos.
- 5.- O contratista proporcionará unha garantía mínima de 2 anos para o traballo de retapizado e subministración do esqueleto das butacas.
- 6.- É responsabilidade do contratista coordinar os traballos para minimizar as interrupcións nas actividades do Pazo da Cultura e manter unha comunicación fluída co Concello para resolver calquera incidencia que poida xurdir durante a execución do contrato.

### **B) OBRIGAS DO CONCELLO**

- 1.-O Concello de Carballo comprométese a facilitar ao contratista o acceso ás instalacións do Pazo da Cultura e proporcionar toda a información e apoio necesario para a correcta execución dos traballos.
- 2.-O Concello asegurará que o contratista teña as condicións adecuadas para realizar as tarefas dentro do prazo establecido, coordinando coas distintas áreas implicadas para minimizar as interrupcións nas actividades do auditorio.
- 3.- Concello realizará un seguimento dos traballos para verificar o cumprimento das condicións e características técnicas establecidas no contrato, e resolverá de maneira áxil calquera incidencia ou necesidade adicional que poida xurdir durante a execución do mesmo.
- 4.-A recepción final dos traballos realizarase unha vez comprobado que se cumpriron todas as especificacións e estándares de calidade acordados.

## **CLÁUSULA SÉTIMA. - RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA POR DANOS E PREXUÍZOS.**

**CONCELLO DE CARBALLO**  
C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Se os danos e prexuízos ocasionados foran consecuencia inmediata e directa dunha orde dada pola Administración, esta será responsable dentro dos límites sinalados nas leis. O contratista será directamente responsable de toda indemnización civil de danos por accidentes ocasionados polo persoal e instalacións. Así mesmo, será responsable civil e administrativamente ante o Concello polas faltas que cometan os seus traballadores/as e quedará obrigado/a ao resarcimento dos danos que se causen a terceiros pola defectuosa prestación do Servizo.

#### **CLÁUSULA OITAVA. - RISCO E VENTURA DO CONTRATISTA.**

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, segundo o disposto no artigo 197 da LCSP, sen que en ningún caso o Concello asuma obrigación algunha de asegurar unha rendibilidade ao contrato máis alá da súa obriga de pago do prezo do contrato. En especial, e sen excluír outras circunstancias, o contratista deberá asumir á súa costa:

- Danos ou perdas de materiais, ferramentas e equipos utilizados na realización dos traballos.
- Accidentes ou incidentes que poidan ocorrer durante a execución das tarefas e que afecten tanto ao persoal do contratista como a terceiros.
- Danos ocasionados ás instalacións do Pazo da Cultura do Concello de Carballo ou a outros bens durante a realización dos traballos.

<p>Asdo: <b>Carmen Castro Pombo</b></p> <p><i>Xefa do Servizo de Cultura.</i></p> <p><i>Concello de Carballo</i></p>	<p>Asdo: <b>Maruxa Suárez Cotelo</b></p> <p><i>Concelleira de Cultura e Festas.</i></p> <p><i>Concello de Carballo</i></p>
--	--

Documento asinado dixital á marxe.

**ANEXO II. - ESTUDO DE CUSTES.**

Según establece el art. 102.4 LCSP el precio del contrato podrá formularse tanto en términos de precios unitarios referidos a los distintos componentes de la prestación o a las unidades de la misma que se entreguen o ejecuten, como en términos de precios aplicables a tanto alzado a la totalidad o a parte de las prestaciones del contrato. En este caso, se han fijado dichos precios a tanto alzado, por referencia a precios de mercado analizados previamente. Toda vez que nos encontramos ante un contrato cuya licitación se llevará a cabo mediante el procedimiento negociado sin publicidad con un único licitador, la fijación del presupuesto se realiza, por un lado, valorando el catálogo de precios establecidos por el licitador para suministros y servicios de la misma o similar categoría a los que son objeto de este contrato; por otro lado, dichos precios han sido debidamente comparados con los precios de mercado para prestaciones análogas y debidamente valorados, procurando alcanzar una mayor relación calidad-precio y una gestión eficiente del gasto público.

A nivel contable, el gasto correspondiente al presente contrato se imputará a las siguientes aplicaciones presupuestarias del Presupuesto municipal para el ejercicio 2024:

3330.-63200	2024-4-3330-1	MOBILIARIO CULTURA
-------------	---------------	--------------------

El desglose de los costes para la determinación del presupuesto base de licitación, en aplicación del artículo 100.2 de la LCSP, es el siguiente:

CONCEPTO	Uds.	Ud./€	Total €
Retapizado modelo MUZAS ESPECIAL Asiento e respaldo	209	84,60	17681,40
Retapizado modelo MUZAS ESPECIAL Respaldo	140	51,55	7217,00
Asiento modelo MUZAS ESPECIAL Respaldo Inclúe tapicería e tableiro.	140	74,39	10414,60
Revisión Xeral. Sen custe	1	0,00	0,00
Desprazamento de material ata Carballo	1	1.649,00	1.649,00
Instalación incluída	1	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>			36.962,00 €
21% IVE			7.762,02 €
<b>TOTAL IVE INCLUÍDO</b>			<b>44.724,02 €</b>

<p>Asdo: <b>Carmen Castro Pombo</b>  <i>Xefa do Servizo de Cultura.</i>  <i>Concello de Carballo</i></p>	<p>Asdo: <b>Maruxa Suárez Cotelo</b>  <i>Concelleira de Cultura e Festas.</i>  <i>Concello de Carballo</i></p>
--	--

Documento asinado dixital á marxe.